

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2019-2020
DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

IES PRIMEIRO DE MARZO- BAIONA

5 DE MAIO DE 2020

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades (comentarios de texto, traballos, cuestionarios, exercicios, ...) estarán orientadas ao repaso e recuperación para o alumnado suspenso e a ampliación e subida de nota para o aprobado.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o alumnado ten conectividade e a metodoloxía consiste en enviar as tarefas por correo electrónico e marcar unha data de entrega.
Materiais e recursos	Libro de texto (nas materias nas que se emprega, apuntes, textos e enlaces que se lles proporcionan ao alumnado)

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	DO CONTIDO PARTICULAR DE CADA MATERIA SERÁ INFORMADO O ALUMNADO QUE A CURSA A TRAVÉS DO CORREO ELECTRÓNICO.
Publicidade	Segundo as instrucións, na páxina web do centro.

MATERIA: HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º BACHARELATO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. *A orixe do cosmos na corrente presocrática*
2. *Realidade e coñecemento en Platón*
3. *Platón: antroploxía e política*
4. *Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito.*
5. *O liberalismo político de Locke*

- Exclúense os estándares *Os límites do coñecemento en Kant* e *A ley moral en Kant* porque non foron cualificados na segunda avaliación (aínda que o primeiro deles xa fora explicado parcialmente)

B. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Nos comentarios de texto valorarase o recoñecemento da estrutura argumentativa e dos conceptos fundamentais e a relación entre o texto e un contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na Historia da Filosofía). Nas cuestións teóricas avaliarase a pertinencia dos contidos informativos, a precisión no uso dos conceptos e a coherencia e articulación discursiva da exposición.

*Para os aspectos concretos referidos aos criterios de avaliación de cada un dos estándares de aprendizaxe véase a Programación Didáctica da que esta é unha adaptación.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

a) Alumnado coa materia aprobada ao remate da segunda avaliación:

A nota final será a nota media da primeira e segunda avaliación (redondeando a partir de 0,5). De ter feitas correctamente as tarefas propostas con posterioridade ao remate das actividades lectivas, aumentarase a nota final ata 1 punto.

b) Alumnado coa materia suspensa por non ter superadas a primeira e segunda avaliación.

Avaliación ordinaria de xuño.

Terá que acadar unha cualificación de 5 en todas as tarefas que se vaian propoñendo. En caso de que algunha delas non estea aprobada será informado puntualmente deste feito. Para poder aprobar a nota media destas tarefas terá que ser 5. Non se contempla unha nota maior pois se traballa con contidos mínimos.

Avaliación extraordinaria de setembro.

Realizarase un exame axustado aos estándares de aprendizaxe e segundo o modelo da CIUG. Se non fora posible presencial, faríase *online*.

MATERIA: PSICOLOXÍA. 2º BACHARELATO

Por tratarse dunha materia optativa da que non van ser examinados en selectividade e dadas as especiais circunstancias deste curso, tentaremos facilitar que o alumnado suspenso acade unha cualificación positiva nesta materia sen grandes dificultades.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- 1. A psicoloxía como ciencia.*
- 2. Fundamentos biolóxicos da conducta humana.*
- 3. Sensación, percepción e atención*
- 4. A intelixencia*
- 5. Motivación e emoción*

B. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Comprender e empregar axeitadamente os conceptos estudados.

Entender, explicar e valorar as aportacións de esta ciencia no ámbito persoal e social da vida das persoas.

*Para os aspectos concretos referidos aos criterios de avaliación de cada un dos estándares de aprendizaxe véase a Programación Didáctica da que esta é unha adaptación.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

a) Alumnado coa materia aprobada ao remate da segunda avaliación:

A nota final será a nota media da primeira e segunda *avaliación (redondeando a partir de 0,5)*. De querer *subir* ata 1 a nota media, poden realizar unha actividade de reforzo dos contidos abordados na segunda avaliación. 1 punto.

b) Alumnado coa materia suspensa por non ter superadas a primeira ou segunda avaliación.

Avaliación ordinaria de xuño.

Terá que acadar unha cualificación de 5 en todas as tarefas que se vaian propoñendo. En caso de que algunha delas non estea aprobada será informado puntualmente deste feito. Para poder aprobar a nota media destas tarefas terá que ser 5. Non se contempla unha nota maior pois se traballa con contidos mínimos. A nota final será a media das dúas avaliacións.

Avaliación extraordinaria de setembro.

Realizarase un exame axustado aos estándares de aprendizaxe . Se non fora posible presencial, faríase *online*.

MATERIA: HISTORIA DAS RELIXIÓNS. 2º BACHARELATO

Esta é a materia que o centro oferta como alternativa á Relixión Católica. O alumnado matriculado é moi reducido (sete persoas) e están aprobadas e con nota de 10 en ambas avaliacións. Polo tanto, non se plantexa a necesidade de actividades de repaso ou recuperación.

VALORES ÉTICOS ESO

Tal e como quedou recollido a principios de curso temos unha programación conxunta para 1º e 2º da ESO e outra para 3º e 4º nas que só distinguimos obxectivos e concrecións de estándares de aprendizaxe para cada un dos cursos.

1- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE -

1º - 2º ESO

- 1. A dignidade da persoa*
- 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relación interpersoais.*
- 3. A reflexión ética*

3º -4º ESO

- 1. A xustiza e a política*
- 2. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos.*

B. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1º -2º ESO

Comprender e empregar axeitadamente os conceptos estudados.

Entender, explicar e valorar os ámbitos persoal e social na vida das persoas.

3º-4º ESO

Comprender e empregar axeitadamente os conceptos estudados.

Coñecer a DDHH, a súa historia e a súa relevancia a nivel internacional.

Ser capaces de ter unha opinión crítica e argumentada sobre a actual situación dos dereitos humanos nos distintos países.

*Para os aspectos concretos referidos aos criterios de avaliación de cada un dos estándares de aprendizaxe véase a Programación Didáctica da que esta é unha adaptación.

2- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

a) Alumnado coa materia aprobada ao remate da segunda avaliación:

A nota final será a nota media da primeira e segunda avaliación (redondeando a partir de 0,5). As actividades que se desenvolvan no terceiro trimestre poderán subir ata 1 punto a nota media.

b) Alumnado coa materia suspensa por non ter superadas a primeira e/ou segunda avaliación.

Avaliación ordinaria de xuño.

Terá que acadar unha cualificación de 5 en todas as tarefas que se vaian propoñendo. En caso de que algunha delas non estea aprobada o alumno ou alumna será informado puntualmente deste feito. Para poder aprobar a nota media destas tarefas terá que ser 5. Non se contempla unha nota maior pois se traballa con contidos mínimos. A nota final será a media das dúas avaliacións (redondeando a partir de 0,5).

Avaliación extraordinaria de setembro

A criterio do profesor que imparte a materia, realizarase un exame axustado aos estándares de aprendizaxe (se non fora posible presencial faríase *online*) ou ben se lle solicitará ao alumnado a presentación das tarefas que se lle entregarán en xuño (tarefas establecidas de acordó cos estándares de aprendizaxe traballados e que deberán estar elaboradas e presentadas coa debida corrección).

MATERIA: FILOSOFÍA 1º BACHARELATO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. *O saber filosófico*
2. *O problema filosófico do coñecemento*
3. *O coñecemento científico*
4. *Natureza e cultura no ser humano*
5. *A ética como disciplina filosófica*
6. *Algunas teorías éticas*
7. *Ética*

2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Comprender e empregar axeitadamente os conceptos estudados.

Ter un pensamento crítico sobre si mesmos e a realidade actual.

*Para os aspectos concretos referidos aos criterios de avaliación de cada un dos estándares de aprendizaxe véase a Programación Didáctica da que esta é unha adaptación.

3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

a) Alumnado coa materia aprobada ao remate da segunda avaliación:

A nota final será a nota media da primeira e segunda avaliación (redondeando a partir de 0,5). De ter feitas correctamente as tarefas propostas con posterioridade ao remate das actividades lectivas, aumentarase a nota final ata 1 punto.

- c) Alumnado coa materia suspensa por non ter superadas a primeira e segunda avaliación.

Avaliación ordinaria de xuño.

Terá que acadar unha cualificación de 5 en todas as tarefas que se vaian propoñendo. En caso de que algunha delas non estea aprobada será informado puntualmente deste feito. Para poder aprobar a nota media destas tarefas terá que ser 5. Non se contempla unha nota maior pois se traballa con contidos mínimos.

Avaliación extraordinaria de setembro.

Realizarase un exame axustado aos estándares de aprendizaxe e segundo o modelo da CIUG. Se non fora posible presencial, faríase *on line*.

MATERIA: FILOSOFÍA 4º ESO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- 1. O saber filosófico*
- 2. Quen son eu? Personalidade e afectividade*
- 3. Individuo, sociedade e cultura*

B. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Comprender e empregar axeitadamente os conceptos estudados.

Ter un pensamento crítico sobre si mesmos e a realidade actual.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A nota final na avaliación ordinaria de xuño será a nota media da primeira e segunda avaliación (redondeando a partir de 0,5). De ter feitas correctamente as tarefas propostas con posterioridade ao remate das actividades lectivas (que terán como finalidade o repaso e afianzamento do traballado no curso) aumentarase a nota final ata 1 punto.